



APUNTAMENTOS PARA EMPRENDEDORES

DESEÑO DE PLANS DE EMPRESA

Con este obxectivo, a Fundación CEL e IGAPE-BIC Galicia organizan conxuntamente en Lugo desde hai varios anos seminarios especializados na planificación empresarial, de carácter gratuito e dirixidos aos emprendedores.

Para participar neles basta con ter en mente un proxecto empresarial propio ao que, co apoio dun experto, daráselle forma de plan de negocio, contemplando os capítulos máis importantes para a creación da empresa e testando as súas posibilidades reais de implantación na provincia.

Dende o 2002 foron catorce os seminarios celebrados e máis de trescentos os beneficiarios, promotores de ideas empresariais adscritas a distintas ramas de actividade, por exemplo o deseño, o turismo, os servizos sociais, as novas tecnoloxías, a hostalaría ou a educación.

O primeiro seminario do 2010 terá lugar durante o mes de xuño, novamente no viveiro de empresas da Fundación CEL, situado no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo. O prazo de inscrición manterase aberto ata o vindeiro venres 21 deste mes.

O seu programa, enfocado dun modo práctico, estrutúrase en sete sesións de formación e en dúas sesións de apoio personalizadas por proxecto.

Primeiramente realizaranse as entrevistas de avaliación, cuxa data está fixada para o día 31 de maio, á que os promotores seleccionados deberán acudir con dúas copias do borrador do seu proxecto, para unha primeira supervisión do mesmo por parte do titor.

O luns 7 de xuño comezarán as sesións formativas, nas que se lles facilitarán aos asistentes a metodoloxía e as ferramentas necesarias para o desenvolvemento do plan de empresa; abarcaranse cuestións fundamentais como o ámbito de actuación, a análise de mercado e a competencia, a viabilidade económica ou os procesos e a organización interna. Ditas sesións continuarán celebrándose os martes, mércores e xoves, concretamente os días 8, 9, 10, 22, 23 e 24, en horario de 16:00 a 21:00 horas. Nas semanas alternas están programadas as titorías (días 16, 17 e 30 de xuño e 1 de xullo), que constitúen un complemento a esta formación e que estarán dedicadas á avaliación da memoria descritiva do proxecto e á avaliación do plan económico-financeiro.

A ficha de solicitude e o programa do Seminario de Planificación Empresarial atópanse dispoñibles na páxina web da Fundación CEL, no apartado de Formación (www.fundacioncel.org). Así mesmo, os interesados en matricularse poden obter máis información por teléfono (982 284150) ou por correo electrónico, dirixíndose a francisco.muinel@fundacioncel.org ou a oscar.diaz@fundacioncel.org.